

21 XANEIRO

Catástrofe pellets

MANIFESTACIÓN

COMPOSTELA · 12h · Alameda

**Basta de mentiras
e manipulación!**

**Fóra o PP
da Xunta!**



**ESQUERDA
REVOLUCIONARIA**



As imaxes de praias infestadas de pellets, de animais mortos que empezan a aparecer, de centos de voluntarios con escasos medios realizando tarefas de limpeza e, sobre todo, a ocultación durante semanas por parte da Xunta do PP desta mova catástrofe medioambiental, están a revivir a trágica experiencia do Prestige hai agora vinte e un anos.

O 13 de decembro un particular daba a primeira voz de alarma tras atoparse sacos enteiros e pellets soltos nunha praia de Ribeira. Desde entón, fai máis dun mes!, e ante o deixamento, inacción e incompetencia tanto do PP na Xunta coma do PSOE no Goberno estatal, que ten as competencias do Mar, este material estendeuse por toda a costa galega e o litoral cantábrico.

Entre outras moitas consecuencias nefastas, a fauna mariña está a inxerilo e despois comeremos todos e todas nós esa fauna contaminada. Basta de palabras, recursos xa!

Pero a chulería e prepotencia do PP é increíble. Primeiro ocultan a información todo o tempo que poden, despois menten descaradamente negando o carácter tóxico deste material, a pesar da evidencia científica sobre os graves e variados riscos para a nosa saúde e para o medioambiente. E aínda arremeten contra a onda de voluntarios e voluntarias, sen apenas recursos, que limpan praias pedíndolles “andar con coidado” e “un pouco de orde”.

Faltoulles pouco para dicir que os pellets están “riquísimos”. Tómannos por parvos, pero témolo claro: o seu desprezo á xente e ó medioambiente, o seu cinismo e incompetencia, é a outra cara das súas políticas de recortes sociais e privatizacións para maior negocio dos seus amigos empresarios. Hai que botar ó PP da Xunta e levantar unha mobilización masiva nas rúas.

Desde o Sindicato de Estudiantes chamamos a tódalas e tódolos estudantes e mozos e mozas a participar na manifestación do próximo domingo 21 en Compostela, ás 12h. na Alameda.

Contacta connosco para organizar accións de protesta no teu instituto ou facultade.



Tfn: 621066466